



UNIDADE 3

Busque e compare

Indíquelles aos seus alumnos que abran o libro na páxina 25 e móstrelles a foto da portadiña. Coméntelles que se trata dunha tenda onde hai xoguetes e todo tipo de larpeiradas: caramelos, caramelos de goma, chocolates, froitos secos garapiñados etc.

A continuación, pídalles que imaxinen que esta foto se seleccionou para unha campaña publicitaria e anímeos a que pensen nun slogan que podería acompañala.

Por último, preséntelles aos estudantes os contidos da unidade, así como a súa tarefa final: deseñar e presentar unha campaña publicitaria.



1. RETOS PUBLICITARIOS

Ler unha entrevista e decidir con que afirmacións están de acordo e con cales non. Clasificar o vocabulario do texto.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Na epígrafe A proporciónase unha entrevista na cal se manifestan algunhas opinións sobre o mundo da publicidade. Permita que o texto sirva para activar os coñecementos previos que teñan os seus estudantes sobre o tema, as súas crenzas, opinións etc.

Recomendámoslle que, logo da lectura, leve a cabo un breve debate no que poidan expresar o seu grao de acordo ou desacordo coas afirmacións do publicista. Recorde que tanto o publicista como a empresa de publicidade da que fala son reais.

Na epígrafe B, os estudantes traballarán o vocabulario da publicidade e agruparano por categorías. Déalles tempo para que utilicen todas as súas estratexias antes de recorrer ao dicionario.

ANTES DE COMEZAR

Dígalles aos seus alumnos que o tema desta actividade é a publicidade e pregúntelles que opinan da publicidade en xeral, que tipo de publicidade lles gusta, cal non e por que. Anídeos a que participen e interétese por coñecer a súa opinión.

PROCEDEMENTOS

A. Pronuncie en voz alta o título da actividade e informe os estudantes de que van ler unha entrevista que se lle fixo a un prestixioso publicista galego. Pídalles que, ao longo da lectura, anoten as afirmacións ou opinións coas que están de acordo e tamén aquelas coas que non coinciden. Cando todos rematen, faga unha posta en común a modo de debate.

B. A continuación, terán que volver ler o texto para atopar as palabras que se refiren aos soportes publicitarios, aos elementos dun anuncio e ás persoas relacionadas coa publicidade. Cando as encontren, téñenas que colocar na columna correspondente. Ademais, pídalles que escriban outras palabras que coñezan pertencentes a esas categorías.

Solución

Soportes: *televisión, radio, paneis publicitarios, Internet.*

Elementos: *imaxes, campañas, marca, logotipo, produto, márketing, slogan, icona, texto.*

Persoas: *publicista, consumidor, destinatario, anunciantes, público.*

2. UN ANUNCIO

Completar unha ficha cos datos dun anuncio publicitario. Escoller un anuncio e presentalo ante a clase.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Aínda que no anuncio xa figuren formas do imperativo, recomendámoslle que espere ata a actividade 3 para referirse explicitamente a este modo verbal. Intente centrar a atención dos seus estudantes na comprensión.

Para realizar a epígrafe B, suxerimos que leve á clase revistas e xornais en galego nos cales aparezan anuncios publicitarios.

ANTES DE COMEZAR

Escriba o verbo **colgar** no encerado e pregúntelles aos seus alumnos se coñecen o seu significado. Probablemente coñecerán polo menos algunha das acepcións deste verbo, pero, se ninguén contesta afirmativamente, anídeos a que o consulten nun dicionario. Despois, propóñalles que pensen en cousas que se poidan colgar e onde. Anote no encerado o que lle digan: **unha peza de roupa (no armario), un cadro (na parede) ou un documento (en Internet)** son algunhas das probables respostas. Se non mencionan o teléfono, fágao vostede.

Dígalles agora aos estudantes que imaxinen como eran os primeiros teléfonos e comprenderán a razón pola que se fala de **colgar** como sinónimo de rematar unha conversa.

PROCEDEMENTOS

A. Pídalles aos seus alumnos que se fixen no anuncio da compañía telefónica UneT e que completen a ficha. Faga que reparen en que esta conta con dúas seccións ("Que vemos?" e "Que nos suxire?"). Concédalles tempo suficiente para responderen e, a continuación, permítalles comparar as súas respostas coas dun compañeiro antes de propoñerlles unha posta en común.

Solución

Sección: Que vemos?

2. *Chamadas telefónicas.*

3. *Únete á comunicación.*

4. *Prensa escrita.*

5. *Mostra indirectamente as súas vantaxes.*

6. *Humorístico.*

7. *Unha conversa.*

B. Agrupe os estudantes en parellas e ofrézalles algunhas revistas e xornais. Pídalles que lles boten unha ollada na busca de anuncios publicitarios e que escollan o que máis lles guste ou o que máis lles chame a atención. Infórmeos de que logo terán que mostrarllelo aos seus compañeiros e explicarlles o porqué da súa elección.

E DESPOIS

Escriba no encerado este slogan: **Busque, compare e, se encontra algo mellor, cómpreo.** Infórmeos de que se trata dunha frase que todos os galegos de máis de 25 anos coñecen. Se non o recoñecen, coméntelles que este slogan foi utilizado nos anos oitenta por unha coñecida marca de deterxente (Colón) e que caracterizou toda unha época publicitaria en España. A seguir, pregúntelles aos seus alumnos que lles suxire e que pensan deste tipo de slogans. Se traballa con alumnos estranxeiros, anímeos a que busquen e describan exemplos de publicidades dos seus lugares de orixe.

**3. SLOGANS**

Relacionar slogans cos produtos que anuncian. Observar a formación do imperativo afirmativo e negativo.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Recomendámoslle que non faga ningunha reflexión formal explícita do imperativo ata chegar á epígrafe B e que, primeiro, trate de centrar a atención do grupo no significado.

ANTES DE COMEZAR

Pídalles aos estudantes que lean todos os slogans e que intenten extraer conclusións sobre que características ten a linguaxe que se emprega. Déalles tempo para que o fagan e para que o comenten en parellas.

A continuación, recolla nunha posta en común algunhas conclusións. **Breve, directa ou cargada de xogos de palabras** son algúns dos comentarios esperables. Tamén é posible que alguén diga que nos slogans é frecuente o emprego do imperativo. Nese caso, pode mencionar que é así e que están en imperativo todas as formas verbais dos slogans resaltadas en grosa.

PROCEDEMENTOS

A. Convide agora os estudantes a que formulen hipóteses sobre o que cren que anuncia cada un dos slogans, para o cal pode remitilos á lista na columna da dereita. Recórdelles que non hai unha resposta única para cada slogan, senón que é posible que a algúns lles poida corresponder máis dun produto.

Solución (suxestión)

1. j; 2. g; 3. c; 4. a, g, h, k, l; 5. f; 6. l; 7. e, h; 8. i; 9. b; 10. d

B. Agora centre a atención dos seus alumnos nos cadros desta epígrafe e infórmeos de que se trata de formas verbais en imperativo. Fágalles notar que aparecen as formas dos verbos regulares no imperativo afirmativo e negativo. Deseguida, pídalles que o

completen os cadros coas formas que aparecen nos slogans da epígrafe A.

C. A continuación, pídalles que observen o cadro correspondente e infórmeos de que son verbos irregulares conxugados en imperativo afirmativo e negativo. Indíquelles que se fixen nas formas e que digan se estes verbos son tamén irregulares noutro tempo verbal. Déalles tempo para que cheguen ás súas propias conclusións e logo faga unha posta en común.

Solución

Son tamén irregulares en presente de indicativo e en presente de subxuntivo.

D. Finalmente, preséntelles a serie de verbos correspondente a este ítem. Trátase de formas moi irregulares na segunda persoa do singular do imperativo afirmativo. Pídalles que completen o cadro coas formas do imperativo da segunda persoa (**ti**), que encontrarán nos slogans da epígrafe A. Logo, faga unha corrección entre todos.

Solución

Imperativo afirmativo

Ti: *fai, pon, ven.*

Vostede: *faga, poña, veña.*

Ao remataren, suxerímoslle que os remita á epígrafe “Imperativo” da sección de gramática, na páxina 29, e que repase con eles as distintas formas. Coméntelles tamén os valores que aparecen en “Algúns usos do imperativo”, na mesma sección.

E DESPOIS

En parellas, pídalles que creen un slogan para cada un dos produtos que aparecen na **ficha 8**. Logo, convide cada parella a ler un dos slogans ao azar, sen dicir de que anuncio ou produto se trata. Os seus compañeiros deberán adivinalo.

MÁIS EXERCICIOS

Páxina 94, exercicios 1 e 2.

4. RECICLA E SÉ FELIZ

Contestar preguntas sobre un anuncio. Reflexionar sobre o funcionamento e a posición dos pronomes de CD e de CI.

ANTES DE COMEZAR

Indíquelles aos estudantes que manteñan o libro pechado. Deseguida, escriba no encerado a palabra **reciclaxe** e pregúntelles como a definen. Se as súas respostas non chegan a nada parecido a **transformación dun material xa utilizado para que se volva empregar**, dígallo vostede. A continuación, propónalles que, en parellas, anoten cinco obxectos ou materiais que se poden reciclar e como. Faga unha breve posta en común e escriba as respostas no encerado.

Busque e compare

PROCEDEMENTOS

A. Preséntelles aos seus alumnos o anuncio de *Reciclaxe en acción*. Logo, pídalles que o lean e que contesten as preguntas que aparecen máis abaixo.

Solución

1. *Unha ONG.*
2. *A recoller cousas que a xente xa non quere e facelas chegar aos que as necesitan.*
3. (Suxestión) *Podes ser solidario sen ter que facer ningún esforzo.*

B. Pídalles aos seus alumnos que volvan ler o texto e que traten de atopar a que substantivo se refiren os pronomes **o, a, os, as** en cada caso. Antes de facer unha corrección entre todos, permítalles que comparen as súas respostas en parellas.

Solución

O: *un moble; un abrigo novo.*

A: *a túa roupa.*

Os: *medicamentos que non vas utilizar; libros que xa non valoras.*

As: *lentes que non usas.*

C. Centre agora a atención dos seus alumnos na posición dos pronomes nas frases anteriores e pídalles que completen o cadro marcando, segundo corresponda, se van antes ou despois dos verbos.

Solución

Cun infinitivo: *despois.*

Cun imperativo afirmativo: *despois.*

Cun imperativo negativo: *antes.*

Con outras formas verbais: *despois.*

Recomendámoslle que os remita á epígrafe “A posición do pronome” da sección de gramática, na páxina 29, facendo fincapé nas distintas posibilidades de colocación do pronome nas perífrases de infinitivo e de xerundio.

D. Agora pídalles que se fixen no verbo **deitarse** (**Déitate** con Doncotón). Explíquelles que se trata dun verbo reflexivo, no que a presenza do pronome (**me, te, se, nos, vos, se**) indica que a acción do verbo recae sobre o mesmo suxeito que a practicou. Como comprobación, volva á forma **déitate**, recórdelles que está na segunda persoa e pregúntelles como sería o mesmo imperativo para a terceira persoa (**déitese**).

A continuación, preséntelles a forma negativa desta construción para **ti** (**non te deites**) e para **vostede** (**non se deite**). Logo, pídalles que sigan completando a táboa coa forma do imperativo negativo dos demais verbos para as dúas persoas. Concédalles algúns minutos para que o fagan e finalice cunha posta en común.

Solución

Facerse: *non te fagas; non se faga.*

Relaxarse: *non te relaxes; non se relaxe.*

Tranquilizarse: *non te tranquilices; non se tranquilice.*

MÁIS EXERCICIOS

Páxina 94, exercicio 3.

Páxina 95, exercicio 4.



practicar e comunicar

5. INSTRUCCIÓN

Ler catro series de instrucións e decidir a que se refiren en cada caso. Escribir e adiviñar unhas instrucións.

ANTES DE COMEZAR

Escriba no encerado as frases **Abre a porta dos teus soños** e **Axíteo ben antes de usar**. Deseguida, pregúntelles aos seus alumnos: **Onde poderíamos atopar estas dúas frases?** Espere a que contesten que a primeira podería aparecer nun anuncio publicitario, mentres que a segunda se trataría dunha instrución de uso dalgún produto (un medicamento ou un produto de limpeza, por exemplo).

PROCEDEMENTOS

A. Divida a clase en grupos de tres. A seguir, indíquelles que lean as catro series de instrucións e que decidan onde se podería atopar cada unha. Cando rematen, proceda a unha corrección entre todos.

Solución (suxestións)

1. *Nunha sopa, infusión ou calquera outra bebida quente instantánea.*
2. *Nun caixeiro automático.*
3. *Na etiqueta dunha peza de roupa delicada.*
4. *No billete dalgún transporte público.*

B. Pídalles que, en parellas, redacten tres ou catro instrucións que poderían acompañar algún produto (para facilitar o labor de adiviñar de que se trata, pode suxerirles que pensen en cousas que están presentes na vida cotiá). Despois, cada parella lerá as instrucións ante os seus compañeiros, que terán que adiviñar onde se poderían atopar. Para que todas as parellas non teñan que facer as instrucións nas dúas persoas (**ti** e **vostede**), pódelles pedir que unhas as fagan para **ti** e outras para **vostede**.

E DESPOIS

Déalle a cada estudante unha fotocopia da **ficha 9** e pídalles que clasifiquen as instrucións en tres grupos. Deberán escribir un número ao lado de cada unha, en función do produto que acompañan: unha máquina expendedora (1), un reprodutor de DVD (2) ou unha masa para cociñar (3).

6. E NON FAGADES FESTAS

Escribir unha nota con instrucións.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Anime os estudantes a que traballen primeiramente o vocabulario das tarefas do fogar que aparecen na actividade.

No momento da produción, diríxaos cara ao modelo de lingua ofrecido, para que comprendan que unha parte da tarefa consiste en pasar as formas verbais do infinitivo ao imperativo.

ANTES DE COMEZAR

Pídalles aos seus alumnos que se centren no debuxo do libro e pregúntelles como se podería describir a situación ou o estado de cada cousa nesa vivenda. Posiblemente recollerá como respostas frases como: **a mesa está desordenada; a louza está sucia; o teléfono está descolgado; a neveira está baleira e aberta; as revistas están no chan; a bolsa do lixo está chea; a planta está morrendo; o ordenador está aceso; a cama está desfeita; o gato está famento; as roupas están tiradas** etc.

PROCEDEMENTOS

Informe os estudantes de que no piso viven dous adolescentes cos seus pais, pero estes últimos van de viaxe e os rapaces están só no piso que, neste momento, se atopa no lamentable estado que mostra o debuxo. Pídalles logo que, a partir da listaxe das tarefas que lles deixou a nai, completen a nota coas instrucións, para recordarlles aos rapaces o que teñen que facer.

Lea en voz alta o exemplo: **Lavade a louza todos os días.** Asegúrese de que os seus alumnos comprendan que a tarefa consiste en converter os infinitivos de cada frase en formas do imperativo afirmativo, na segunda persoa do plural. Cando rematen, proceda a unha corrección entre todos, de xeito que cada alumno lea unha instrución e o resto da clase confirme se a fixo igual ou que presente as súas dúbidas.

Solución (suxestións)

*Recollede a mesa.
Pasade o aspirador.
Colgade o teléfono.
Apagade o ordenador.
Baixade o lixo.
Dádelle de comer ao gato.
Regade as plantas.
Ordenade as revistas.
Recollede a roupa no cuarto.
Facede a cama.
Apagade as luces.*

E DESPOIS

Para que os estudantes practiquen o emprego dos pronomes de CD co imperativo e reflexionen un pouco sobre a súa función, suxerímoslle que lles proporcione unha fotocopia da receita de cociña que

figura na **ficha 10**. Faga que reparen en que nela non se usa ningún pronome de complemento directo e, polo tanto, aparecen moitos substantivos repetidos innecesariamente. Pídalles que lean con atención a receita, que marquen as palabras cuxa repetición lles parece innecesaria e que, finalmente, as substitúan polos pronomes adecuados.

Concédalles tempo suficiente para facelo e, antes de promover unha corrección entre todos, deixe que comparen as súas hipóteses coas dun compañeiro.

MÁIS EXERCICIOS

Páxina 95, exercicio 6.

7. UNHA PAUSA PARA A PUBLICIDADE

Ler a transcripción incompleta dunha relación de anuncios radiofónicos e decidir que se anuncia en cada un. Completar os anuncios e comparalos cos orixinais.

PROCEDEMENTOS

A. Agrupe os seus alumnos en parellas e pídalles que lean as transcripcións de catro fragmentos de anuncios radiofónicos. Indíquelles que se trata de transcripcións incompletas (falta o final de cada anuncio) e anímeos a faceren hipóteses cun compañeiro sobre os produtos que se anuncian.

Concédalles tempo para que cada parella chegue a un acordo e escriba un final para cada publicidade. Cando rematen, permítalles compararen as súas suxestións coas dos demais compañeiros.

B. A continuación, coméntelles que van escoitar os anuncios completos e poña a audición. Ao final, suxíralles que comproben cales foron as hipóteses máis acertadas.

Solución

1: *Un reloxo.*
2: *Unha urbanización.*
3: *Un colchón.*
4: *Unha compañía aérea.*

8. UNHA CAMPAÑA

Deseñar e preparar unha campaña publicitaria.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Centre a atención dos seus alumnos no emprego do copretérito que aparece na mostra de lingua que se ofrece na epígrafe A e faga referencia ao punto “Describir unha escena” da sección de gramática, na páxina 29.

Recorde levar á aula materiais diversos para que poidan concretar o produto final que se lles pide na epígrafe

Busque e compare

D: cartolinas, revistas, gravadora, música (ou algún instrumento musical), maquillaxe...

ANTES DE COMEZAR

Para entrar no tema da creación dunha campaña publicitaria, escriba no encerado **campaña publicitaria** e pregúntelles aos seus alumnos que significa para eles este concepto. Acepte as varias respostas que lle poidan dar, pero asegúrese de que, ao final, quede claro que se trata do **conxunto de elementos e accións que se levan a cabo a través dos medios de comunicación para mostrar un determinado produto**. Coméntelles que, ademais dos espazos publicitarios, carteis e outros instrumentos de promoción, detrás de cada anuncio hai un enorme traballo de creación e unha estratexia de comunicación que axudan a que o anunciante acade o seu obxectivo: lanzar un produto novo ao mercado, garantir a fidelidade dos clientes ou consumidores etc.

PROCEDEMENTOS

A. Pídalles aos estudantes que pensen nalgúnha campaña publicitaria que os impresionase moito e que o comenten cos seus compañeiros. Como exemplo, léalles en voz alta o modelo da actividade.

B. A continuación, propóñalles que pensen nos requisitos que debe ter unha boa campaña publicitaria. Para iso, poden elaborar unha listaxe e empregar algunhas das suxestións do libro. Permítalles discutilo en parellas e, logo, nunha posta en común, ánimeos a que compartan as súas ideas cos demais compañeiros.

C. Para continuar, dígalles que van xogar a ser publicistas, para o que seguirán traballando coa parella da actividade anterior. Pídalles que escollan un produto da lista proporcionada no libro ou outro que eles prefiran. Logo, deberán seleccionar as palabras que se asocian a ese produto e a que público vai dirixido.

D. Agora xa están preparados para deseñar a súa campaña publicitaria. Recórdelles que, en primeiro lugar, terán que escoller o soporte da campaña e determinar os seguintes elementos: nome do produto, slogan, actores ou actrices, escenario, personaxes, texto e música.

Unha vez que teñan negociados os puntos anteriores, ánimeos a darlle forma á campaña (gravándoa, escenificándoa ou debuxándoa). Déalles o tempo necesario para facelo, coidando que sexa o mesmo para todas as parellas. Cando rematen, propóñalles que lle presenten a súa campaña ao resto da clase. Ao final, poden escoller entre todos cal foi a campaña máis orixinal ou a que “mellor vendeu o seu produto”.

MÁIS EXERCICIOS

Páxina 95, exercicio 5.



9. VIVAMOS COMO GALEGOS

Analizar unha serie de frases dunha campaña publicitaria e decidir que imaxe transmiten dos galegos. Cubrir unha ficha coas características dun anuncio. Falar dalgúns aspectos da xente da súa localidade.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

O anuncio “Vivamos como galegos”, que foi todo un reto na historia da publicidade galega, realizouno a axencia de publicidade BAP&Conde, cuxo propietario se entrevista na primeira actividade desta unidade. Cunha duración de 90 segundos, considerouse inicialmente un investimento arriscado, xa que polo xeral os anuncios non pasan dos 30. O resultado foi que se converteu nun gran fenómeno social. Foi unha das campañas publicitarias máis vistas e eloxiadas no seu momento, dada a novidade que presentaba no mercado publicitario: buscar a identificación ou a complicidade dos galegos, apelando a unha serie de valores da súa cultura (a súa forma de vida, o seu ámbito, os seus costumes...).

Se vostede dispón de conexión a Internet no centro onde traballa, busque o anuncio na ligazón **www.vivamoscomogalegos.com** e móstrellelo aos estudantes. De todos os xeitos, comprobe antes da clase que a páxina funciona perfectamente e, de non ser así, escolla outra ligazón da campaña entre as varias que ofrecen buscadores como Google ou Youtube, por exemplo. Se non o pode facer a través da rede, intente gravar a publicidade noutro soporte e levalo á clase.

ANTES DE COMEZAR

Pregúntelles aos estudantes que estratexias podemos utilizar para captar a atención ou mesmo a complicidade dunha persoa. Asegúrese de que entre as que suxiran figure “apelar a algo que lle é moi importante, como o seu lugar de orixe, a súa cultura, os seus valores ou a súa lingua”. Se non o din, fágao vostede.

PROCEDEMENTOS

A. Coméntelles aos seus alumnos que van ler seis frases extraídas dun anuncio publicitario. Se traballa con alumnado galego, é bastante probable que moitos xa o coñezan. Pídalles que pensen no contido das frases e que decidan cal é a imaxe dos galegos que transmite a campaña.

Poderán discutilo en parellas e, logo, compartir as súas conclusións cos demais compañeiros. Ao final, promova un breve debate no que todos poidan opinar sobre as outras cuestións desta epígrafe: **Coincide coa imaxe**

que tes ti dos galegos? Os galegos que coñeces son así? Se a maioría dos seus alumnos son galegos, pode modificar as preguntas: **Estás de acordo cos tópicos que se mostran? Cres que todos os galegos son así ou fan estas cousas? Hai outras características dos galegos que se deberían mostrar? Cales?** Cando observe que a participación ou o interese dos estudantes se reduce, dea a actividade por rematada.

B. Dígalles aos estudantes que agora van ver a publicidade e coloque o vídeo unha vez. Antes de que fagan calquera comentario, indíquelles que deberán completar a mesma ficha da actividade 2 cos datos deste anuncio. Para simplificarlles esta tarefa, entréguelle a cada estudante unha fotocopia da **ficha 11**, que ten o mesmo contido ca a da actividade 2.

Cando remataren, faga unha posta en común na que os estudantes poidan comparar as súas respostas e comentar os aspectos que máis lles chamaron a atención. Aproveite ese momento para lles transmitir os datos que lle parezan relevantes da información que se recolle en “Observacións previas”.

C. Se traballa con estudantes de distintos lugares de orixe, propónalles a actividade desta epígrafe tal como aparece no libro. Pola contra, se o seu alumnado é basicamente galego, pode preguntarlle sobre os tópicos relacionados con persoas de distintas culturas. Dígalles que poderán basearse na forma de vivir e de facer as cousas que teñen os estranxeiros que coñecen ou coñeceron nalgún momento. Se lle parece oportuno, pode comezar vostede dándolles algún exemplo.

